

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SAN SALVADOR
CURSO: 1ºED.PRIMARIA
MATERIA: MATEMÁTICAS
DEPARTAMENTO:
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

- B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.
- B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.
- B1.3. Utilizar, coa guía do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.

MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.

MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.

MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.

BLOQUE 2. NÚMEROS

- B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.
- B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.
- B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.

MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o99.

MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.

MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.

MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.

MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o99.

MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súascifras.

MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares

MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.

MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.

- B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobandoe interpretando as solucións no contexto.

BLOQUE 3. MEDIDA	
B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida. MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.
BLOQUE 4. XEOMETRÍA	
B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

BLOQUE 3. MEDIDA	
B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida. MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.
BLOQUE 4. XEOMETRÍA	
B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Neste terceiro trimestre dependemos dos pais e nais para que nos envíen as tarefas realizadas polos nenos na súa casa ou polo menos que nos valoren o seu traballo o mais obxectivamente posible.
	Instrumentos: Para a avaliación trataremos de facer unha corrección dos exercicios vía telemática e manter conversas telefónicas cos pais nas que nos indiquen o grao de traballo do alumno/a
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Teremos en conta as notas do 1º e 2º trimestre e o traballo realizado neste 3º trimestre sempre como positivo
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Farase unha proposta de actividades adaptadas para os alumnos que non teñan superado o 1º e 2º trimestre tratando de reforzar o traballo realizado nestes trimestres
	Criterios de cualificación: Terase en conta o traballo realizado neste 3º trimestre para tratar de acadar os obxectivos que aínda non se alcanzaron así como o seu esforzo e a súa actitude de cara a o trabalo diario.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Contacto cas familias tanto telefónico como telemático para tratar de valorar o traballo do alumno/a neste trimestre

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Proposta diaria de actividades a través do blogue ceipsansalvador.blogspot.com. Estas actividades serán actividades de repaso e reforzo do traballado no 1º e 2º trimestres.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A proposta diaria de actividades pode ser devolta polos pais/nais ao correo electrónico corporativo para a súa corrección e valoración por parte do mestre
Materiais e recursos	O material de traballo será fundamentalmente o seu caderno de traballo. Evidentemente e dadas as circunstancias será imprescindible a posesión dun ordenador ou teléfono móbil para a consulta das actividades diarias.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Os pais /nais dispoñen do correo electrónico do mestre para resolver calquera dúbida ou consulta.
Publicidade	Informarase á comunidade educativa a través da páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SAN SALVADOR DE TEIS, VIGO

CURSO: 1º E.P.

MATERIA: LINGUAGALEGA/L. CASTELÁ/NATURAIS/SOCIAIS
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS/EXPRESIÓN PLÁSTICA

DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

1. **Avaliación e cualificación.**
2. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
3. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 9	CENTRO:CEIP SAN SALVADOR DE TEIS CURSO:1º E.P.-2019/20 MATERIA:C.NATURAIS/C.SOCIAIS/L.GALEGA/CASTELÁ/VALORES/PLÁSTICA
--	------------------	---

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
NATURAIS	
B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes
B3.2. Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural	CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno
B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida e tomar conciencia do seu uso responsable	CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto. CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga.
B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.	CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.
B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.
SOCIAIS	
B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos	CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.

recreativos. O uso responsable deste ben.	
B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana,	CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima.
B3.2. Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...	B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, CSB3.2.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.
B3.3. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.	CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica
B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.	CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación
B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coitado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. CSB3.8.2. Recoñece a importancia do coitado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.
B4.1. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.	CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.
B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	CSB4.3.2. Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.
LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA	
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.
B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e intégrala na produción propia.	LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas. LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.
B1.3. Expressarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: ▪ - diálogos -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.
B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias	LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.
B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.

B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos apropiados á súa idade.	LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.
B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.4.1. Dedica, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.
B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.
B3.1 Producir textos sinxelos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas
B3.5. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado para presentar as súas produción.	LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza
B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB3.6.1. Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos. LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos. LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.2.2. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos. LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.
EXPRESIÓN ARTÍSTICA	
B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	EPB1.3.1. Realiza debuxos e coloreas con diferentes tonalidades.
B1.4. Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial.	EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo
B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentoetc.).	EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.
B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe	EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario,

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Na avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considérase en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas nas "Programacións Didácticas" así como as adaptacións metodolóxicas realizadas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais. En todo caso a avaliación do alumnado será continua, global, formativa e integradora ao considerala inseparable do proceso formativo e terá en conta todas as áreas do currículo. Realízase tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres. - As actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores (1º/2º trimestres) que se desenvolvan durante o terceiro trimestre. Esta avaliación do 3º trimestre serve para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Flexibilización e adaptación dos criterios de avaliación. - A avaliación inicial como punto de referencia. - As sesións de avaliación referidas ao 1º e 2º trimestres na que se obteñen as cualificacións nas distintas áreas e o grao de desenvolvemento das competencias básicas de cada alumno/a: <ul style="list-style-type: none"> • Actitude. • Valoración diaria das actividades do libro, caderno, fichas e actividades plásticas. - Avaliación do 3º trimestre con carácter diagnóstico e formativo, valorando os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. E comprobando o grao de retroalimentación ou feedback entre titor/alumno: <ul style="list-style-type: none"> • Publicación dos contidos curriculares e as tarefas relacionadas con estes contidos nas plataformas educativas e outros medios telemáticos: páxina web do cole, blog das titorías e especialistas, contacto telefónico directo, enlaces web e correo electrónico. • Titorización co alumnado e información as familias mediante a comunicación coas ferramentas e plataformas anteriores.
Cualificación final	<p>A cualificación final de curso farásese tendo en conta o progreso e o traballo elaborado e conseguido polo alumnado nos dous primeiros trimestres, apoiándose no 3º para reforzo e recuperación dos contidos dados, segundo indica a Consellería de Educación.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades propostas por medio do blogue adaptáronse para a práctica no libro de texto sempre que fose posible .</p> <p>Actividades interactivas, xogos educativos, manualidades creativas e estimulantes moi sinxelas que axuden á comprensión dos contidos, vídeos educativos axeitados que lles axuden na realización das tarefas propostas na web...</p> <p>Pretendín que estas actividades tratasen os contidos de forma global, e interdisciplinar. Estructurei as actividades enfocadas a afianzar as aprendizaxes durante os dous primeiros trimestres e algún momentos concretos á ampliación. As actividades tipo continúanse coa comprensión e expresión escrita e de resolución de problemas.</p> <p>En canto á atención á diversidade, na miña aula hai un neno con libro adaptado ao que lle poño actividades adaptadas no blog</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metoloxía durante o 3º trimestre está dirixida á revisión, reforzo e recuperación dos contidos traballados durante o curso escolar ata o 12 de marzo utilizando a forma do traballo a distancia(teletraballo)</p> <p>. Estivo dirixida ás competencias clave e tendo en conta os ritmos e estilos de aprendizaxe. Enfoquei o traballo preferentemente a manter a rutinas diarias e o hábito de estudio.</p> <p>Adiquei un tratamento específico á aprendizaxe do reforzo da lectura e a comprensión lectora con atención personalizada .</p> <p>Nun principio establecín conexión telefónica co grupo clase a través da súa familia e resultou que algúns teñen dificultades tecnolóxicas ou carecen de dispositivo adecuado para poder realizar todas as tarefas polo que as que propoño se acomodan ás posibilidades de realizalas por outro método, con cadernos e/ou libros.</p> <p>Aínda así todos teñen, polo menos, un teléfono móbil a través do que reciben a información e se poden conectar para ver as tarefas plantexadas.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais que o alumnado utiliza son os cadernos e libros que levaron a casa (fixéronse chegar por voluntariado da administración a aqueles que non os levaran no seu momento)</p> <p>Dada a situación-suspensión de clases presenciais- o alumnado necesita ter conectividade e dispositivo(móvil, Tablet . ordenador..),para facilitarlle ao máximo a aprendizaxe aportándolles información de páxinas, enlaces,etc que utilizan como sustituto da explicación que necesitarían por parte do mestre se estivéssemos na aula, todo co fin de axudarlles na realización das tarefas e na consecución daqueles obxectivos iniciados no curso.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O nexo de unión entre as familias e o profesorado mantívose por diferentes vías desde o principio do cese da actividade lectiva presencial.</p> <p>Centro de educación : A páxina Web do CEIP SAN SALVADOR de TEIS, Blogues do profesorado , teléfono e correo electrónico, tanto do mestre como do Centro escolar.</p>
Publicidade	Na páxina web do CEIP SAN SALVADOR publícanse todos os anuncios xerais e relevantes que afecta ao alumnado e ás súas familias.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 9 DE 9	CENTRO:CEIP SAN SALVADOR DE TEIS CURSO: 1º E.P.-2019/20 MATERIA:C.NATURAIS/C.SOCIAIS/L.GALECA/CASTELÁ/VALORES/PLÁSTICA
--	---------------	--